CAMPIONATO GALEGO E. ALTERNATIVAS

2026

1º ECORALLY CONCELLO DE CULLEREDO
REGULAMENTO PARTICULAR
CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE ECO RALLY
12 DE DECEMBRO DE 2026

FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO
20 NOV. 2026
ENTRADA N.º
SAIDA N.º 817

FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO

FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO
20 NOV. 2026
ENTRADA N.º 816
SAIDA N.º

FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO

FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO

Asdo. Antonio Rodríguez Troitiño
Presidente F.G.A

APROBADO
2026-11-20 13:12+01:00

FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO

ARTIGO 1 - PROGRAMA HORARIO

FECHA	HORA	ACTO	LUGAR
12/11/26	20:00	Apertura de Inscricións.	SECRETARÍA DO ECO RALLY Escudería La Coruña Francisco Catoira 18 bajo 15007 A Coruña info@escuderiacoruna.com
12/11/26	20:00	Publicación do Regulamento Particular	
07/12/26	20:00	Peche de Inscricións.	
07/12/26	20:00	Publicación de Medias de Regularidade e do Tramo de Calibración.	TABOLEIRO OFICIAL DE AVISOS www.escuderiaacoruna Sportity: ECORALLYCULLEREDO
09/12/26	20:00	Publicación da Lista Oficial de Inscritos.	
12/12/26	10:00	Apertura da Oficina Permanente.	OFICINA PERMANENTE Praza. de Galicia S/N O Burgo-Culleredo A Coruña
	10:00	1ª Reunión do Colexio de Comisarios Deportivos.	
	11:00 a 12:00	Entrega de documentación e verificacións administrativas de todas as categorías.	
	12:00 a 13:00	Repostaxe inicial obrigatorio para os vehículos híbridos en estación de servizo marcada.	EE.SS. Carbugal Alvedro Ctra N -550, Km 9, 400, 15180 Culleredo, A Coruña (43.294043, -8.369786)
	11:00 a 13:00	Verificacións técnicas dos vehículos.	VERIFICACIÓNS TÉCNICAS Praza. de Galicia S/N O Burgo-Culleredo A Coruña
	Post-Verificacións	Hora Límite de Entrada de Vehículos ao Parque Pechado.	
	14:30	Publicación da Lista de Vehículos Autorizados a tomar a saída	TABOLEIRO OFICIAL DE AVISOS www.escuderiaacoruna Sportity: ECORALLYCULLEREDO
	15:00	Entrega do Road-Book	
	15:30	Saída 1º Participante. Comezo da 1ª Etapa.	PARQUE PECHADO Praza. de Galicia S/N O Burgo-Culleredo A Coruña
	19:00	Chegada 1º Participante (híbridos, paso por estación de servizo final).	PARQUE CERRADO FINAL Restaurante O Sombreiro Orro-Culleredo
	20:00	Publicación Clasificación Provisional de Regularidade e Índice de Eficiencia.	
	20:30	Publicación da Clasificación Final de Regularidad e Índice de Eficiencia.	
	20:30	Publicación Clasificación Provisional Combinada	
	21:00	Publicación da Clasificación Final Combinada	
	21:00	Entrega de Trofeos.	PARQUE PECHADO Restaurante O Sombreiro Orro-Culleredo

Nota: Levantamento vehículos parque pechado: Unha vez publicada a clasificación FINAL OFICIAL, **autorízase a todos os participantes a retirar os vehículos** sen ter que esperar ás entregas de premios.

TABOLEIRO OFICIAL DE AVISOS

Estará dispoñible dende o día 12 de novembro ás 20:00 horas, ata o día 11 de decembro ás 20:00 horas e situado na Escudería La Coruña, na Rúa Francisco Catoira 18, A Coruña, na web www.escuderiacoruna.com e no Sportity **ECORALLYCULLEREDO**.

O día 12 de decembro dende as 10.00 horas ata as 16:00 horas, a Oficina Permanente do Rally e o Parque Pechado, estarán na Praza de Galicia, no Burgo, A Coruña. Dende as 16:00 horas ata as 21:00, a Oficina Permanente do Rally e o Parque Pechado, estarán situados no restaurante O Sombreiro, Orro, 26, 15199 Culleredo, A Coruña

ARTIGO 2- ORGANIZACIÓN

A **Escudería La Coruña** organiza o **1º Eco Rally Concello de Culleredo**, que se desenvolverá o día 12 de decembro do ano 2026.

Este Eco Rally disputarase de acordo co establecido nas prescricións comúns dos Campionatos e Copas de Galicia 2026, o Regulamento Xeral do Campionato de Galicia de Eco Rally, o presente Regulamento Particular da proba, o CDI (e os seus anexos), as prescricións xerais aplicadas a todos os Campionatos e Copas FIA, no seu caso, e os Regulamentos Xerais dos mesmos, aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día 20 de novembro de 2026.

A proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número **GA -061- ReC**

Artigo 2.2 - Comité de Organización

PRESIDENTE	D. Alberto González Naveira
VOCAIS	D. Domingo Díaz Basoa
	D. Víctor Fontela Casal
	D. Alberto González Olañeta
	D. Alejandro Torres Rodríguez
SECRETARIO	D. Óscar Vázquez Torres

Dirección da Secretaría do Comité Organizador:
Escudería La Coruña
Rúa: Francisco Catoira 18 baixo; 15007 A Coruña
Teléfono: 616 482 452
Web: https://www.escuderiacoruna.com/
e-mail: info@escuderiacoruna.com

Artigo 2.3. Oficiais:

Presidente Escudería/Comité Organizador:
D. Alberto González Naveira DC-00020-ESP/GA.

Comisario Deportivo:
D. Alejandro Torres Rodríguez CD-00858-ESP/GA

Secretario da Carreira
D. Óscar Vázquez Torres SP-01247-ESP/GA

Director da Carreira-Oficina:
D. Domingo Díaz Basoa DC-01253-ESP/GA

Comisarios Técnicos da Escudería Verificacións Xerais:
D. Alberto González Olañeta CT-00073-ESP/GA.

Vehículo "XEFE SEGURIDADE VIARIA":
D. Alberto González Naveira DC-00020-ESP/GA.

Servizo Informático e publicación de tempos: Anube Sport

Relacións cos Participantes



D. Victor Fontela Casal
ORC-00522-ESP/GA
Telf. 616 98 76 44

Nota: En cumprimento da normativa de expedición de licenzas, o resto dos oficiais da proba comunicaranse en COMPLEMENTO numerado e datado, polo menos sete días antes da celebración da proba. O Vehículo "0" pasará diante do primeiro participante coa antelación suficiente para non ser alcanzado polo mesmo.

O Vehículo Escoba pasará xusto detrás do derradeiro participante. Estes dous vehículos terán que ser pilotados por Oficiais con seguro expedido pola FGA, e á súa vez deben ser incluídos no cadro de oficiais.

ARTIGO 3 – PUNTUABILIDADE

O **1º Eco Rally Concello de Culleredo** é puntuable para os seguintes Campionatos e Copas:

1. Campionato de Galicia de Eco Rally Eléctrico (BEV) Regularidade (pilotos e copilotos).
2. Campionato de Galicia de Eco Rally Híbrido (HEV) Regularidade (pilotos e copilotos).
3. Campionato de Galicia de Eco Rally Eficiencia Eléctrico (BEV). (pilotos y copilotos).
4. Campionato de Galicia de Eco Rally Eficiencia Híbrido (HEV). (pilotos y copilotos).

ARTIGO 4 – Descrición

O **1º Eco Rally Concello de Culleredo,** consta dun percorrido total de:

Para os Vehículos Eléctricos (BEV) será de 133,44 Km, mentres que para os Vehículos Híbridos (HEV) será de 141,93 km, dos cales 120,04 km corresponden a seis (6) Treitos de regularidade por estradas asfaltadas abertas ao tráfico.

Está dividido en **1 Etapa** e **2 Seccións.**

O Itinerario-Horario figura no Anexo VI do presente Regulamento**.**

No Carné de Control e no Libro de Ruta constan detallados o percorrido, Etapas e Seccións, así como os Controis Horarios, e Reagrupamentos.

Artigo 5 - Vehículos Admitidos. Publicados no Regulamento Xeral do CGEA.

Artigo 6 - Concursantes Admitidos.

Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ao disposto no Anexo I publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 7 - Solicitude de Inscrición – Inscricións

7.1.- Todo equipo que desexe participar no **1º Eco Rally Concello de Culleredo**, terá que cumprimentar o formulario de inscrición habilitado para tal efecto. A falla de calquera dos datos requiridos no formulario implicará que non se complete e polo tanto se refuse a mesma.

Os datos relativos ao copiloto poden ser completados ata as 20:00 horas do día 7 de Decembro de 2026.

7.2.- Establécese un límite máximo de 25 inscritos.

7.3.- Os dereitos de inscrición deberán ser satisfeitos no momento da inscrición, e **NON SE DEVOLVERÁN A NINGÚN PARTICIPANTE UNHA VEZ PUBLICADA A LISTA DE INSCRITOS**.

7.4.- Admitiranse Inscricións condicionadas, unha vez superado o número de inscritos fixado como máximo.

7.5.-A orde de recepción da Solicitude de Inscrición, así como dos Dereitos de Inscrición, será determinante para a confección da Lista de Inscritos.

NON SE CONSIDERARÁ INSCRITO NINGÚN EQUIPO QUE INCUMPLA TOTAL OU PARCIALMENTE O SINALADO NESTE ARTIGO 7

Artigo 8 - Dereitos de Inscrición – Seguros

8.1.- Os dereitos de inscrición fíxanse en:
8.1.1.- 150€ aceptando a publicidade facultativa proposta pola organización.
8.1.2.- 300€ NON aceptando a publicidade facultativa proposta pola organización.

8.2.- A solicitude de inscrición non se aceptará se non vai acompañada dos Dereitos de Inscrición.

8.3.- Os Dereitos de Inscrición comprenden o Seguro garantindo a Responsabilidade Civil fronte a terceiros, de acordo coa Regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

8.4.- Os Dereitos de Inscrición tan só serán reembolsados aos equipos cuxas inscricións sexan rexeitadas, ou no caso de que a proba non se celebrara. En ningún outro caso serán devoltos.

8.5.- O pago dos dereitos de inscripción poderá ser realizado:

Mediante transferencia bancaria á conta seguinte:
Entidade: **ABANCA**
Titular: **Escudería La Coruña**
Nº conta: **IBAN: ES89 2080 0703 6830 4001 4289**

Artigo 9 - Hora Oficial do Rally.

Durante o transcurso do Eco Rally, a hora oficial será a emitida polos Cronómetros da FGA e a web www.time.is.

Artigo 10 Disposicións Contrarias A Normativa Xeral Da F.G.A.:

Segundo o artigo 6.2 das Prescricións Comúns dos Campionatos e Copas de Galicia. *"O proxecto de Regulamento Particular deberá mencionar explicitamente, nun apartado diferenciado, tódalas súas disposicións que resulten contrarias a normativa xeral da F.G.A.".* Deberán facer constar no regulamento particular as excepcións aprobadas pola FGA.

Artigo 11 Taboleiro oficial de avisos.

O Taboleiro Oficial de Avisos estará dispoñible en www.escuderiacoruna.com e no Sportity co código: **ECORALLYCULLEREDO**.

Calquera modificación, complemento ou comunicado oficial se publicará exclusivamente no Taboleiro Oficial.

A publicación de complementos se realizará conforme ao establecido nas prescricións comúns dos Campionatos Galegos.

Unha vez iniciada a proba, calquera actualización será emitida polo Colexio de Comisarios Deportivos.



Artigo 12 Regulamentos aplicables

12.1. Esta competición se disputará de acordo co CDI e os seus Anexos, os cales serán de aplicación con carácter prioritario en tódolos aspectos xerais e en particular ó procedementos de reclamacións e apelacións.

12.2. Ademais, serán de aplicación de prelación os seguintes regulamentos:
-As Prescricións Comúns dos Campionatos, Copas e Trofeos de Galicia.
-O Regulamento Deportivo do CGEA e os seus Anexos.
-O Regulamento Técnico do CGEA e os seus Anexos.
-O presente Regulamento Particular e os sas Complementos.

Artigo 13 Publicidade

Os participantes que acepten a publicidade proposta polo Organizador deberán reservar os espazos descritos a continuación:

Comunicarase nun complemento.

Artigo 14 Puntos de Repostaxe
Os punto de repostaxe para vehículos híbridos será no seguinte punto:

EE.SS. Carbugal Alvedro
Ctra. N-550, Km 9, 400, 15180 Culleredo, A Coruña
(43.294043, -8.369786)

Artigo 15 Puntos de Recarga eléctrica na contorna

Os puntos de recarga eléctrica na contorna da proba son:

1. EE.SS. Carbugal Alvedro (43.294043, -8.369786)
2. EE.SS. Autopista del Atlántico (43.312704, -8.365631)
3. Restaurante O Sombreiro (43.282174, -8.427933)

Alberto González Naveira, provisto da licenza do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, solicito a aprobación do presente Regulamento Particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

Asdo.: Director da Carreira

D. Domingo Díaz Basoa
DC-01253-ESP/GA

Asdo.: Xefe de Seguridade Vial

D. Alberto González Naveira
DC-00020-ESP/GA

Selo do Clube
Entidade: Escudería La Coruña
C.I.F.: G-15115058

Asdo.: Presidente D. Alberto González Naveira